

MESA SECTORIAL



RIAL

MESA SECTORIAL DO DÍA 7 DE MARZO DE 2023

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022.

Apróbase a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións correspondentes por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ADDENDA AO ACORDO DO 20 DE XUÑO DE 1995, POLO QUE SE REGULAN O ACCESO E AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE INTERINO E SUBSTITUTO DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES QUE IMPARTE AS ENSIANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, ADAPTADO A LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

- Empezar dicindo que ANPE estaría disposto a entrar a negociar algunha cláusula de “estabilización” en función da idade do profesorado e dos anos de servizo prestados pero tamén consideramos que non é cuestión desta Mesa e tamén que a Administración leva anos dicindo que non vai entrar a negociar baixo ningunha circunstancia este tipo de cuestión.
- ANPE entende que o obxectivo sobre a cota de interinidade debe manterse o recollido no acordo vixente “ao redor do 5% dos cadros de persoal” e non das

prazas estruturais. **A Administración deixará a mesma redacción que existía.**

- Consideramos que os chamamentos para a cobertura de substitucións deben ser diarios e debe establecerse un horario de chamadas que sexa público e coñecido polas persoas que figuren nas listaxes.
- A confección de listaxes e a convocatoria de novas listas de interinidades e substitucións debe facerse aplicando o baremo correspondente e non soamente a nota media do expediente. **A Administración resposta que para eles ten que primar a axilidade na cobertura de vacantes.**



- Debe establecerse unha opción de renuncia á cobertura de interinidade e/ou substitucións SEN CAUSA por un número de cursos que podemos determinar en contraprestación ao dereito que a Administración retira de poder renunciar por ampliación de estudos. Unha vez consumido dito período de renuncia sen causa os

MESA SECTORIAL



motivos de renuncia restrinxíranse a: atención de fillos e fillas menores, coidado de maiores a cargo, violencia de xénero ou por enfermidade grave do propio docente. **A Administración non acepta unha renuncia sen causa. Está aberta a negociar unha renuncia por estudos universitarios dunha duración determinada de 3 cursos pero non aceptará renuncias para cursar estudos de F.P.** Ante esta resposta e a negativa de establecer renuncias sen causa, ANPE considera que tres cursos para os estudos universitarios é insuficiente. ANPE solicita un receso de 5 minutos para tratar o tema coas restantes OOSS asinantes do Acordo que están na Mesa. **A Administración ampliará a 5 anos supeditando os últimos dous anos a algún tipo de control.**



Despois do receso coas OOSS asinantes do acordo estaríamos en disposición de aceptar 5 anos entendendo que os tres primeiros son sen ningún tipo de control e pedindo unha porcentaxe de estudos superados

para poder acceder ao cuarto e quinto. **A Administración redactará este apartado que será enviado para a súa aprobación.**

- A renuncia por coidado de fillos e fillas menores deben sufrir unha profunda modificación ampliando a idade dos fillos que dea dereito á renuncia e contemplando todas as modalidades recollidas na Orde que regula a concesión de comisións de servizo por conciliación familiar. **A Administración engadirá tamén as casuísticas recollidas na orde de conciliación.**
- As listaxes para impartir áreas ou materias noutra lingua estranxeira nos centros plurilingües ou seccións bilingües deben ser públicas e actualizables. **A Administración acepta esta proposta.**
- Parra ANPE Galicia os diferentes colectivos de Profesorado Técnico de Formación Profesional afectado polo Real Decreto 800/2022 de integración no corpo de Profesores de Ensino Secundario, deben quedar totalmente amparados na redacción da Addenda.
- O Acordo debe contemplar situacións especiais como pode ser a listaxe de Orientación de primaria ou a de Prácticas e Actividades. **A Administración incluirá este aspecto no Acordo a petición exclusiva de ANPE á que se sumaron outras OOSS.**
- No CADP deben ofertarse todas as prazas a todos os colectivos.
- Para ANPE Galicia debe incluírse o dereito das traballadoras en situación de incapacidade

temporal por causa derivada de embarazo a tomar posesión dunha posible interinidade ou substitución cos correspondentes dereitos administrativos e económicos. **A Administración estudará esta proposta.**

- Propoñemos a inclusión do seguinte texto no Acordo: “As persoas que impartan calquera tipo de docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou figuren en máis dunha lista, mestre estean prestando servizos nalgunha delas non poderán ser chamados por ningunha outra.
- Demandamos que se faga efectivo novamente o pagamento dos meses de verán para o persoal substituto que traballe máis de 5,5 meses durante o curso académico tal e como se recolle no texto do Acordo.
- As vacantes de substitucións e/ou interinidades en atención domiciliaria e en centros de menores deben ser de aceptación voluntaria.
- En relación á formación inicial de 30 horas que se propón, desde ANPE Galicia solicitamos que sexa soamente de aplicación a vacantes de máis dun mes de duración.
- En relación á renuncia por contrato laboral solicitamos que se inclúa aos autónomos. **A Administración acepta esta proposta sempre que se acredite estar dado de alta no réxime de autónomos cunha antigüidade mínima de 6 meses.**
- **Na disposición adicional sexta queda pendente de revisar por**

parte da Administración os períodos non lectivos que darán continuidade á cobertura dunha substitución pero incorporarán o Entroido e analizarán se poden engadir as maternidades e as paternidades.



3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

A Administración informa que, tal e como solicitou ANPE hai días, se procedeu ao pago dos membros dos tribunais das oposicións e aos membros das mesas das eleccións sindicais.

- ANPE Galicia traslada á Consellería as súas reivindicacións en relación á integración do profesorado de Formación Profesional esixindo complemento salarial para todos os afectados:

INTEGRACIÓN DO PROFESORADO DE F.P NO CORPO DE PES: ANPE ESIXE

- Para todo o profesorado afectado**

Equiparación retributiva para **TODO** o profesorado afectado polo proceso de integración do profesorado do corpo, a extinguir, de Profesores Técnicos de Formación Profesional no corpo de Profesores de Ensino Secundario regulado no RD 800/2022
- Profesorado xubilado**

 Para o **profesorado xubilado** pero que estivese en activo despois do 19 de xaneiro de 2021 (data desde a que o RD establece a retroactividade na integración), deben establecerse os mecanismos necesarios para que se lles recoñezan os efectos económicos e administrativos do tempo no que terían pertencido ao corpo de profesores de Ensino Secundario
- Funcionarios/as en prácticas**

 Debe recoñecerse o tempo de servizos do profesorado que estivera nomeado como **funcionario en prácticas** desde o 19 de xaneiro de 2021, a todos os efectos, como desempeñado no corpo de profesores de ensino secundario.
- Profesorado interino**

 Dado que a regulación das súas condicións laborais é competencia da comunidade autónoma desde ANPE Galicia instamos á Consellería a que extenda todos os efectos da integración ao **profesorado interino** que prestase os seus servizos desde a entrada en vigor da LOMLOE.
- Profesorado que non poida integrarse**

 Deben establecerse mecanismos legais para establecer **unha equiparación salarial de TODO o profesorado do antigo corpo de PTFP que non poida integrarse** por carecer de titulación ou que pase a formar parte do novo corpo de Profesores especialistas en especialidades singulares (e non soamente dos que sexan funcionarios de carreira)

publique a puntuación provisional a finais deste mes ou principios do que ven.

- Entregamos á Administración, como fixemos tamén por rexistro, dun escrito de solicitude de apertura de negociacións para a redución da burocracia, a redución do horario lectivo do profesorado e a redución das rateos.
- Insistimos na denuncia da inexistencia da figura do Coordinador/a de Benestar e da negociación das súas condicións.
- Solicitamos a creación dun Conservatorio Superior de Danza en Santiago de Compostela.
- Solicitamos retribución e recoñecemento administrativo para os membros dos equipos ADIX.
- Solicitamos tamén a apertura de negociacións dun novo acordo retributivo.
- Consideramos que a Consellería debería publicar unha circular informativa sobre os cambios na tramitación das baixas médicas. **A Administración está estudando como proceder. Posiblemente a cuestión pase por que o profesorado avise ao centro da baixa e posible duración sen necesidade de aportar o parte de baixa.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:50 horas.

- Dito complemento salarial debe ser extensivo a todos os colectivos encadrados no grupo A2. **A Administración informa de que está prevista a publicación, no día de mañá, da resolución provisional das persoas que se integran no corpo de PES.**
- Solicitamos información sobre a publicación da orde de licenzas de formación.
- Solicitamos información sobre o motivo polo que non se están a cargar as renuncias do Concurso Xeral de Traslados na aplicación. **A Administración resposta que será posible ver as que sexa posible tramitar.**
- Solicitamos información sobre datas de publicación da resolución provisional e definitiva do concurso de méritos de estabilización. **A previsión é que se**